

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------------------|----------|---------------|
| 15025645 | IES Ricardo Carvalho Calero | Ferrol | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Análise musical I | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 11 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 11 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 12 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 12 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 13 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 13 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 14 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 14 |
| 7.2. Actividades complementarias | 15 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 16 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 18 |
| 9. Outros apartados | 18 |

1. Introducción

O IES Ricardo Carvalho Calero conta con ao redor de 301 alumnos procedentes da área periférica, así como de varias parroquias do ámbito rural dos concellos de Ferrol e Narón. Ambos concellos, de 64.785 e 38.913 habitantes, respectivamente, forman parte da comarca de Ferrolterra, integrada por once concellos, no Norte da provincia da Coruña. A actividade económica dos concellos de Ferrol e Narón céntrase no sector industrial e servizos, e en menor medida á pesca e agricultura. No centro, que presenta características de zona urbana e periurbana, conviven alumnos pertencentes á ESO, Bacharelato, dous cursos de PFFP Básica (1º e 2º) e Formación Profesional (ciclos Medio e Superior de Peiteado e Estética). O claustro do centro está formado por ao redor de 38 profesores. A materia de Música será impartida durante o Curso 2024-2025 polas profesoras Mónica Julías Piñeiro, Ruth Miguel Díaz (Educación Plástica) e María Mónica García Velasco, Xefa do departamento. Materias impartidas polo Departamento:

2º de E.S.O.: Música (2 horas semanais). 1 grupo (un total de 25 alumnos/as). Profesora: Ruth Miguel Díaz.

3º de E.S.O.: Música (2 horas semanais). 1 grupo (18 alumnos/as). Profesora: María Mónica García Velasco.

María

1º de Bacharelato: Coro e Técnica Vocal I (4 horas semanais). 1 grupo: 15 alumnos/as pertencentes ao grupo de Artes Escénicas/A (un total de 22 alumnos/as). Profesora: Mónica Julías Piñeiro.

1º de Bacharelato: Linguaxe e Práctica Musical (4 horas semanais). 1 grupo formado por 13 alumnos/as. Profesora: María Mónica García Velasco.

1º de Bacharelato: Análisis Musical I (4 horas semanais). 1 grupo integrado pola totalidade dos alumnos/as do grupo de Artes/A (22 alumnos/as). Profesora: María Mónica García Velasco.

2º de Bacharelato: Coro e Técnica vocal e Coro II (4 horas semanais). 1 grupo: 11 alumnos/as pertencentes ao grupo de Artes Escénicas/A (un total de 17 alumnos/as). Profesora: Mónica Julías Piñeiro.

2º de Bacharelato: Análisis musical II (4 horas semanais). 1 grupo: 17 alumnos/alumnos. Profesora: María Mónica García Velasco.

2º de Bacharelato: Historia da Música e da Danza (4 horas semanas). 1 grupo formado por 7 alumnos/as. Profesora: María Mónica García Velasco.

A materia de Análise Musical proporciállle ao alumnado unha formación que lle permite desenvolver as súas habilidades perceptivas para identificar os elementos que forman parte das obras musicais e, a partir de aí, profundar na súa comprensión global. Isto implica examinalas desde un punto de vista crítico e estético, establecendo relacións entre a proposta musical e o contexto histórico-social no que foi creada. Ademais, a materia permite descubrir aspectos relacionados coa incidencia da música no oírte e a súa utilización como medio terapéutico ou o seu uso en combinación con outras manifestacións artísticas.

A materia, que supón unha continuación e unha especialización dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos durante as etapas educativas anteriores, estrutúrase en dous cursos. No primeiro, establécense as bases para o coñecemento dos elementos da análise musical, da forma musical e dos principios compositivos fundamentais. No segundo, profúndase nesas aprendizaxes e introdúcense aspectos histórico-estéticos.

A través da escoita activa e do estudo de partituras, o alumnado da materia de Análise Musical identifica as características de diferentes obras, podendo establecer relacións entre os seus elementos. Neste proceso analítico familiarízase, por unha banda, con procedementos compositivos tales como a repetición, a variación, a imitación ou o desenvolvemento e, por outra, coa identificación dos trazos estilísticos que permiten asociar as obras cun autor ou autora, un xénero ou un contexto musical determinado. O feito de aprender a analizar unha proposta musical non só lle permite ao alumnado aproximarse ao procedemento e aos mecanismos de deconstrución dunha obra, senón que o dota das ferramentas necesarias para comprender o conxunto da proposta e saber utilizar, en diferentes contextos, os elementos que a conforman.

Así mesmo, a partir dese proceso de análise, o alumnado pode expresar unha opinión fundamentada a través de recensións, comentarios ou críticas musicais, utilizando un vocabulario adecuado e difundindo o resultado a través de diversos medios, analóxicos e dixitais, respectando os dereitos de autor e a propiedade intelectual.

A interiorización das aprendizaxes da materia, a partir do recoñecemento e a reprodución de padróns musicais, xa sexan melódicos, rítmicos, harmónicos ou formais, permítelle ao alumnado contar con recursos aplicables a procesos de creación ou improvisación de obras sinxelas, xerando novas ideas sonoras. No seu desenvolvemento, préstase especial atención, por unha banda, ás posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais destinadas á composición musical e, por outra, aos beneficios educativos derivados da organización de proxectos creativos grupais nos que o alumnado planifica, achega ideas, respecta as opinións dos demais e asume diferentes funcións.

Completa a materia o descubrimento dos usos que se fan da música para, de forma consciente, influír no oírte, xa sexa con fins terapéuticos ou con outra funcionalidade vinculada á súa utilización en ámbitos non estritamente musicais.

Todas estas aprendizaxes organízanse ao redor de cinco obxectivos que foron deseñados a partir das competencias clave do bacharelato e dos obxectivos da etapa. Eses obxectivos permiten que o alumnado aplique procesos de análise musical para descubrir, comprender e utilizar a música como medio de expresión, desenvolver un espírito crítico e coñecer a súa incidencia no ser humano.

Os criterios de avaliación formuláronse tendo en conta os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretende que alcance o alumnado, coa finalidade de determinar o nivel de logro dos obxectivos cos que se relacionan.

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques que se reparten entre os dous cursos nos que se imparte a materia. No primeiro curso, os bloques de contidos refírense á análise musical e á forma musical. O bloque de «Iniciación á análise musical» céntrase na aplicación da escoita activa e o estudo de partituras para recoñecer os elementos da música e a relación que existe entre eles dentro do discurso musical. Ademais, inclúense aspectos relativos ao uso de recursos dixitais para a elaboración de recensións e a difusión musical. O segundo bloque, «A forma musical», aglutina aqueles contidos referentes aos diferentes elementos estruturais, formas musicais básicas, procedementos compositivos e funcións da música en vinculación con outras manifestacións artísticas.

Na materia de Análise Musical expóranse situacións de aprendizaxe que requiran reflexión e acción, así como unha actitude aberta e colaborativa, coa intención de que o alumnado adquira os instrumentos, técnicas e estratexias necesarias para desenvolver as súas habilidades perceptivas e profundar na comprensión global do feito musical. Estas situacións deben estar vinculadas a con-textos reais que favorezan unha aprendizaxe significativa, e han de permitir a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes que o alumnado poida aplicar fóra da contorna da aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|-----|-------|----|----|-------|
| OBX1 - Analizar os elementos musicais de diferentes obras, utilizando a escoita activa e o estudo de partituras, para describir as súas características e establecer comparacións. | 2 | | | | 50 | 1 | | 1-2 |
| OBX2 - Establecer relacións entre os elementos musicais dunha composición, a través da análise da súa estrutura e dos procedementos compositivos utilizados, para asociar a obra cun xénero, un estilo e un contexto de creación. | 2 | | | 1 | 40 | 1 | | 1-2 |
| OBX3 - Elaborar comentarios e críticas musicais sobre as obras analizadas, utilizando unha terminoloxía adecuada e consultando distintas fontes de información, para expresar xuízos persoais fundamentados e contribuír á difusión do patrimonio musical a través dos medios dispoñibles. | 1 | | | 3 | 40 | 1 | 3 | 31 |
| OBX4 - Utilizar os procedementos compositivos fundamentais e as tecnoloxías dixitais, empregando os elementos e as estruturas musicais máis adecuadas, para crear obras sinxelas e realizar improvisacións. | 1 | | 1 | 3 | 31-32 | | 3 | 31-32 |
| OBX5 - Investigar sobre os usos da música con fins terapéuticos e en combinación con outras formas de expresión artística, utilizando diferentes fontes de información e analizando as características musicais das obras, para entender de que forma inciden determinados trazos musicais na saúde e nas emocións. | 3 | | 4 | 1-3 | 40 | | | 2 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Aspectos fundamentais para o análise musical: elementos básicos da música | Aspectos fundamentais para o análise musical: Ritmo, tempo, melodía, harmonía, textura, timbre, dinámica e agóxica na análise de composicións musicais. | 20 | 31 | X | X | |
| 2 | Técnicas de análise | Introdución as técnicas de análises. Análise auditivo e análise de partituras de obras de diferentes estilos e xéneros. Estratexias de análise dos elementos musicais da partitura con e sen apoio da audición. A escoita activa e o estudo de partituras como soportes para a análise. | 20 | 31 | X | X | X |
| 3 | A forma musical | Elementos estruturais na análise auditivo e análise de partituras musicais: célula, motivo, frase e semifrase, período, sección e movemento. Ritmo melódico e harmónico. Cadencias. Formas simples, formas compostas e libres. Formas-tipo. Representación de esquemas formais. Procedementos compositivos fundamentais: repetición, variación, contraste e desenvolvemento. Formas históricas | 20 | 25 | X | X | X |
| 4 | O xénero musical. A música e outras manifestacións artísticas | O xénero musical na análise auditiva e análise da partitura. Xéneros musicais. Relación da música e outras manifestacións artísticas ao longo da historia. | 15 | 22 | X | X | X |
| 5 | Interpretación, improvisación e composición | Interpretación, improvisación e composición de estruturas musicais breves para a interiorización dos elementos formais traballados previamente. Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación. | 15 | 20 | X | X | X |
| 6 | A industria musical | Recensións musicais. Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. Dereitos de autor e propiedade intelectual. | 10 | 11 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 1 | Aspectos fundamentais para o análise musical: elementos básicos da música | 31 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Identificar os elementos que constitúen unha obra musical e a súa función dentro da composición a través da escoita activa e con apoio da partitura. | Identificar os elementos da obra musical a través da escoita ou con apoio da partitura. | PE | 96 |
| CA1.2 - Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos. | Describir cun vocabulario axeitado as características musicais dunha obra. | | |
| CA1.3 - Analizar, de forma guiada, obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados. | Analizar obras identificando estruturas formais e procedementos compositivos básicos. | | |
| CA2.1 - Identificar os elementos que constitúen unha obra musical e a súa función dentro da composición a través da escoita activa e con apoio da partitura. | Identificar os elementos da obra musical a través da escoita ou con apoio da partitura. | PE | 96 |
| CA2.2 - Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos. | Describir cun vocabulario axeitado as características musicais dunha obra. | | |
| CA2.6 - Utilizar, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais na composición musical. | | TI | 4 |
| CA2.6.1. - Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición musical e na análise de obras musicais de xéneros distintos | Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición e análise musicais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escoita activa e o estudo de partituras como soportes para a análise. - Elementos básicos da música e a relación entre eles: ritmo, tempo, melodía, harmonía, textura, timbre, dinámica e agónica. - Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 2 | Técnicas de análise | 31 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Identificar os elementos que constitúen unha obra musical e a súa función dentro da composición a través da escoita activa e con apoio da partitura. | Identificar os elementos da obra musical e a súa función na composición a través da escoita e con apoio da partitura. | PE | 100 |
| CA1.2 - Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos. | Describir as características musicais básicas analizando os seus elementos constitutivos | | |
| CA1.3 - Analizar, de forma guiada, obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados. | Analizar obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos | | |
| CA1.4 - Asociar as obras analizadas co seu contexto de creación, investigando sobre o seu autor ou autora e a súa época. | Vincular obras co seu contexto e autor ou autora. | | |
| CA1.5 - Expresar unha opinión propia, informada e fundamentada, sobre as obras analizadas, utilizando un vocabulario musical adecuado. | Expresar cun vocabulario axeitado a opinión musical dunha obra. | | |
| CA2.1 - Identificar os elementos que constitúen unha obra musical e a súa función dentro da composición a través da escoita activa e con apoio da partitura. | Identificar os elementos da obra musical e a súa función na composición a través da escoita e con apoio da partitura. | | |
| CA2.2 - Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos. | Describir as características musicais básicas analizando os seus elementos constitutivos | | |
| CA2.3 - Analizar, de forma guiada, obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados. | Analizar obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos | | |
| CA2.6 - Utilizar, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais na composición musical. | | | |
| CA2.6.1. - Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición musical e na análise de obras musicais de xéneros distintos | Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición e na análise de obras musicais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escoita activa e o estudo de partituras como soportes para a análise. - Técnicas de análise auditiva de obras de diferentes estilos e xéneros. Estratexias de análise dos elementos musicais da partitura con apoio da audición. - Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | A forma musical | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Identificar os elementos que constitúen unha obra musical e a súa función dentro da composición a través da escoita activa e con apoio da partitura. | Identificar os elementos da obra musical e a súa función a través da escoita ou con apoio da partitura. | PE | 100 |
| CA1.2 - Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos. | Describir cun vocabulario axeitado as características musicais dunha obra, analizando os seus elementos constitutivos. | | |
| CA1.3 - Analizar, de forma guiada, obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados. | Analizar obras identificando estruturas e procedementos compositivos utilizados. | | |
| CA1.4 - Asociar as obras analizadas co seu contexto de creación, investigando sobre o seu autor ou autora e a súa época. | Asociar as obras analizadas co seu contexto | | |
| CA2.1 - Identificar os elementos que constitúen unha obra musical e a súa función dentro da composición a través da escoita activa e con apoio da partitura. | Identificar os elementos da obra musical e a súa función a través da escoita ou con apoio da partitura. | | |
| CA2.2 - Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos. | Describir cun vocabulario axeitado as características musicais dunha obra, analizando os seus elementos constitutivos. | | |
| CA2.3 - Analizar, de forma guiada, obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados. | Analizar obras identificando estruturas e procedementos compositivos utilizados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escoita activa e o estudo de partituras como soportes para a análise. - Elementos estruturais: célula, motivo, frase e semifrase, período, sección e movemento. Ritmo melódico e harmónico. Cadencias. - Formas simples, formas compostas e libres. Formas-tipo. Representación de esquemas formais. - Procedementos compositivos fundamentais: repetición, variación, contraste e desenvolvemento. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 4 | O xénero musical. A música e outras manifestacións artísticas | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.2 - Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos. | Describir as características musicais básicas dunha obra analizando os seus elementos constitutivos | PE | 96 |
| CA1.4 - Asociar as obras analizadas co seu contexto de creación, investigando sobre o seu autor ou autora e a súa época. | Asociar obras analizadas co seu contexto histórico e cultural | | |
| CA2.2 - Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos. | Describir as características musicais básicas dunha obra analizando os seus elementos constitutivos | | |
| CA2.3 - Analizar, de forma guiada, obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados. | Analizar obras musicais identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados | | |
| CA2.7 - Identificar as funcións que cumpre a música cando se asocia con outras formas de expresión (cinema, teatro, danza), analizando as súas características e o efecto que xera no espectador. | Vincular as funcións da música con outras manifestacións artísticas. | | |
| CA2.6 - Utilizar, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais na composición musical. | | TI | 4 |
| CA2.6.1. - Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición musical e na análise de obras musicais de xéneros distintos | Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición e na análise de obras musicais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escoita activa e o estudo de partituras como soportes para a análise. - Técnicas de análise auditiva de obras de diferentes estilos e xéneros. Estratexias de análise dos elementos musicais da partitura con apoio da audición. - Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. - Dereitos de autor e propiedade intelectual. - Formas simples, formas compostas e libres. Formas-tipo. Representación de esquemas formais. - Función da música en combinación con outras manifestacións artísticas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 5 | Interpretación, improvisación e composición | 20 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.6 - Utilizar, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais na composición musical. | Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición musical e na análise | TI | 100 |
| CA2.4 - Reproducir padróns melódicos, rítmicos, harmónicos e formais de obras analizadas, aplicando estratexias de memorización e utilizando a interpretación vocal, corporal ou instrumental en proxectos musicais grupais. | Reproducir padróns melódicos, rítmicos, harmónicos e formais de xeito dirixido. | | |
| CA2.5 - Xerar novas ideas musicais, combinando padróns melódicos, rítmicos, harmónicos e formais previamente analizados e interiorizados. | Improvisar e xerar novas ideas musicais a partir dos padróns traballados. | | |
| CA2.6 - Utilizar, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais na composición musical. | | | |
| CA2.6.1. - Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición musical e na análise de obras musicais de xéneros distintos | Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición musical e na análise | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escoita activa e o estudo de partituras como soportes para a análise. - Técnicas de análise auditiva de obras de diferentes estilos e xéneros. Estratexias de análise dos elementos musicais da partitura con apoio da audición. - Improvisación, creación e interpretación de estruturas musicais breves para a interiorización dos elementos formais traballados previamente. - Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6 | A industria musical | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.5 - Expresar unha opinión propia, informada e fundamentada, sobre as obras analizadas, utilizando un vocabulario musical adecuado. | Expresar cun vocabulario axeitado a opinión musical dunha obra. | PE | 60 |
| CA1.6 - Utilizar, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais na composición musical. | Utilizar tecnoloxías dixitais na composición musical. | TI | 40 |
| CA2.6 - Utilizar, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais na composición musical. | | | |
| CA2.6.1. - Utilizar as tecnoloxías dixitais na composición musical e na análise de obras musicais de xéneros distintos | Utilizar tecnoloxías dixitais na composición musical e na análise de obras musicais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Recensións musicais.
- Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical.
- Dereitos de autor e propiedade intelectual.
- Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia se divide en dos bloques o seccións mesturadas:

1. Sección que require unha metodoloxía maiormente práctica.

Para esta sección práctica, que comprende análise auditiva, interpretación, improvisación e produción musical utilizaremos fundamentalmente o seguinte modelo metodolóxico:

- Metodoloxías cooperativas e colaborativas no relativo á interpretación en conxunto.

2. Sección de aprendizaxe teórica. Esta sección estará baseada na seguinte estratexia metodolóxica:

- Metodoloxía de aprendizaxe por descubrimento baseado na observación e rexistro da información de forma sistemática.

- Metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: Consiste na proposta ao alumnado de situacións complexas que esixen respostas de forma creativa, estimulando a imaxinación.

- Metodoloxía de aprendizaxe baseada na propia experiencia do alumno ou alumna. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinalles a manexar os que xa saben, para que descubran ou amplíen, coa axuda do profesorado, os coñecementos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual |
| Instrumentos dotación de aula |
| Programa de edición de partituras |
| Programa edición de audio |
| Apuntes e esquemas proporcionados polo profesor |
| Partituras |
| Discografía e vídeos do repertorio analizado |

Instrumentos habituais das dotacións de aula: instrumentos Orff, pequena percusión, piano electrónico, etc
 Aula virtual: todos os recursos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.

Programas de edición de partituras e audio

Apuntes e esquemas proporcionados polo profesor

Partituras en papel proporcionadas polo profesor

Discografía e vídeos do repertorio analizado

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial na materia de Análise musical de 1º de Bacharelato terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos do alumnado adquiridos na etapa anterior.

Nas primeiras unidades faremos un repaso dos contidos de linguaxe musical, de lectura de partituras, das destrezas auditivas e da práctica instrumental e vocal. Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas na etapa anterior e o grao de asimilación:

- Proba escrita de análise de partitura. O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que reconece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma.
- Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical.
- Exercicios de lectura rítmica e melódica e interpretación de partituras. Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódica e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical.
- Exercicios en conxunto de interpretación melódica. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso e á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

Para avaliar as actividades prácticas utilizaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado.

Outras cuestións, como as destrezas no movemento e danza, ou o manexo da tecnoloxía, irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á vista dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada, ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 20 | 20 | 15 | 15 | 10 | 100 |
| Proba escrita | 96 | 100 | 100 | 96 | 0 | 60 | 80 |
| Táboa de indicadores | 4 | 0 | 0 | 4 | 100 | 40 | 20 |

Criterios de cualificación:

A avaliación constará de dúas probas correspondentes ás seccións teórica e práctica:

- Exame ou proba práctica. A sección práctica comprende as probas dos apartados de interpretación, improvisación e composición. Se utilizarán como instrumento táboas de indicadores baseadas en rúbricas. Representa o 30% do total da nota.

- Exame ou proba escrita. representa o 70% da nota. Constará de tres partes:

1ª. Incluirá a parte práctica correspondente á análise auditivo. Pode incluír ditados musicais.

2ª. Consistirá na análise de partituras musicais.

3ª. Parte correspondente á proba de contidos teóricos: incluírá cuestións baseadas en modelo de exame cos esquemas pregunta-resposta, selección de resposta tipo test, relación de ítems, identificación de contidos, completar contidos, etc.

A nota será calculada en base aos porcentaxes de peso establecidos para as distintas probas.

A nota final do curso será a media aritmética das tres cualificacións finais das tres avaliacións sempre que cada unha delas obteña a cualificación dun 5 ou máis.

Para superar a materia será necesario obter un 5 ou máis.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

No caso de que o alumno queira subir a nota deberá ter todas as tarefas realizadas e avaliadas positivamente (na realización e exposición de traballos consistentes na análise de partituras sobre os contidos desenvolto na avaliación valorarase tamén a claridade expositiva, a búsqueda da información solicitada, a presentación e a resolución) e poderá presentarse voluntariamente a unha proba no mes de xuño que consistirá nun exame con cuestións sobre a materia traballada no curso, análise de partituras e comentario de audicións tal e como se traballaron na aula.

O Departamento de Música establece de acordo ás directrices marcadas pola CCP e o proxecto curricular de Bacharelato, os sistemas de avaliación para os alumnos que non se presenten a calquera dos exames da asignatura: se a falta é xustificada, o alumno realizará outro exame. En caso contrario, non poderá realizarse, polo que contabilizará como un 1 á hora de realizar a media. No caso de ser o alumno sorprendido no acto de copiar no transcurso do exame, se contabilizará a proba coa calificación de 1, a efectos de realizar posteriormente a media. Tamén, e de acordo ás directrices marcadas pola CCP e o proxecto curricular de Bacharelato considerase o abandono da materia na súa cualificación final.

O sistema de cualificación para os alumnos que teñan que repetir algunha proba vén ser o seguinte:

- Exame escrito: 70%.

- Exame ou proba correspondente aos apartados de práctica: 30%.

Nota máxima 10. Aprobado: 5 puntos o máis.

O sistema de cualificación para estes alumnos queda especificado no apartado de Criterios de Cualificación, e será o mesmo procedemento coa mesma ponderación que se aplica aos alumnos que van ás probas extraordinarias.

Criterios de recuperación:

Ao rematar cada avaliación farase unha recuperación que constará dunha proba escrita sobre os contidos teóricos da materia cos apartados de análise correspondentes e as probas das seccións prácticas, no caso de que sexa necesario recuperalas.

Se non se supera a materia na avaliación ordinaria o alumnado terá que presentarse á avaliación extraordinaria con toda a materia. As avaliacións suspensas poderán ser recuperadas nunha proba final no mes de xuño que consistirá nun exame escrito con análises e cuestións acerca dos contidos da materia e as probas dos apartados prácticos, no caso de estar suspensos. Asimesmo, desde o remate da 3ª avaliación ata a finalización das clases e as probas finais, os alumnos/as que non hubiesen aprobado farán actividades de repaso para intentar acadar o nivel necesario. Para aprobar é necesario obter unha cualificación mínima de 5. Os alumnos ou alumnas que teñan entregadas todas as tarefas e cualificadas positivamente deberán obter unha cualificación mínima no exame de 5.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

.Este apartado non procede neste curso

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Para acreditar os coñecementos necesarios farase unha proba escrita con contidos teóricos sobre os criterios mínimos da materia, e que incluírá a análise auditiva e de partituras. Para acreditar os coñecementos o alumnado deberá acadar un 5 ou máis na cualificación desta proba.

6. Medidas de atención á diversidade

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación de todo o alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións. Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Para iso adoptaremos a seguinte relación de medidas:

- Análise das circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios.
- Propiciación do deseño de diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase.
- Aplicación de metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.
- Establecemento de especiais canles de colaboración entre o alumnado e o profesorado que intervéñen na súa educación, a titoría, o departamento de Orientación e as familias, coa finalidade de organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | | |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | | |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | | | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | | | | | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | | X | | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Comprensión lectora: Traballarase principalmente a través dos textos dos contidos teóricos e as metodoloxías de análise.

Expresión oral e escrita: Redacción de textos explicativos e exposición oral das análises realizadas.

Comunicación audiovisual. Reférese á composición, edición e difusión das obras musicais (procesos de composición, gravación, publicación e distribución).

Competencia dixital: investigación e consulta de contidos na rede, procura de información fiable e filtrada. Métodos de análise de partituras. Composición, edición e difusión de obras musicais.

Emprendemento social e empresarial: Presente na interpretación e composición e especialmente na análise de xéneros, (moitos deles están relacionados con aspectos como os xéneros, agrupacións, difusión, crítica, público) ao longo do tempo. Na sección práctica se relacionan coa xestión cultural e difusión dos proxectos musicais.

Fomento do espírito crítico e científico: a través do estudo dos elementos que conforman a produción musical e dos distintos estilos e xéneros o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo responsable. Na sección práctica refírese tamén á análise da crítica interpretativa e das composicións musicais, montaxes, etc., e a aspectos da execución musical polo alumno ou alumna (autocrítica, control emocional, expresividade, etc.).

Educación emocional e en valores. Actividades grupais nas que é primordial respectar as interpretacións dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un produto conxunto.

Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas e interpretadas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e interpretado por executantes femininas. Creatividade: actividades e metodoloxías de análise, práctica instrumental e a adaptación de proxectos musicais. Está presente en todas as unidades.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Asistencia a concertos | Asistir como público a algún concerto didáctico de música. | X | X | X |
| Interpretación conxunta | Participar nalgunha actividade do centro interpretando algunha das pezas traballadas durante o curso. | X | X | X |
| Participación no proxecto da radio escolar | Colaborar na radio escolar para difundir repertorios, grabacións de obras e interpretacións propias, etc. | X | X | X |
| Colaboración en proxectos con outros departamentos | Colaborar na realización de proxectos musicais e escénicos, de tecnoloxía musical, literarios, históricos, exposicións, etc. | X | X | X |

Observacións:

Dentro da programación da materia de Música a audición, a interpretación e a improvisación e composición constitúen catro vértices fundamentais para a consecución dos obxectivos da asignatura, e, polo tanto, determinan a selección das actividades complementarias e extraescolares. Ao longo do curso as actividades articularanse ao redor dos seguintes eixos: - No Curso 2023-2024 esperamos que se retome a oferta dentro das actividades programadas, das que se inscriben dentro da programación cultural da Fundación Abanca e de colaboracións con asociacións e grupos de intérpretes, profesores do Conservatorio de Música de Ferrol, etc. Para o presente curso académico levarase a cabo a selección dun número de audicións, correspondentes a ensaios xerais e concertos didácticos, segundo os criterios determinados pola adecuación aos contidos explicados na programación e a súa equiparación nos distintos niveis. Neste apartado tamén se inscribe a asistencia dos alumnos e alumnas aos concertos ofertados pola Sociedade Filarmónica de Ferrol, interpretados pola Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Filarmónica de Galicia e os ofrecidos por outras agrupacións e intérpretes. - A execución, a improvisación e a composición e organización de proxectos musicais forman parte do desenvolvemento da materia. Unha selección das pezas traballadas ao longo do curso executaranse en público por distintas agrupacións instrumentais, que ofrecerán diversos concertos con motivo das celebracións de datas sinaladas como Nadal, Día do Libro, Día das Letras galegas, etc. Dentro deste apartado debemos destacar a participación do alumnado no ciclo "Concertos didácticos de órgano de Celanova" (actividade promovida polo Concello de Celanova), no certame anual "A mocidade coa lingua" e nos recitais e concertos ofrecidos no Conservatorio Profesional de Música "Xan Viaño" de Ferrol. - Participación no proxecto da radio escolar: os alumnos e alumnas participarán na realización e difusión de programas musicais e podcasts dentro da programación da radio escolar. - Fomento da interdisciplinabilidade: colaboración con outros departamentos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Moi ben |
| Metodoloxía empregada |
| Ben ou Acadado |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Mal ou Non acadado |
| Clima de traballo na aula |
| Regular ou Mellorable |

Descrición:

A Programación Didáctica debe estar sometida a unha continua revisión que permita establecer os mecanismos de mellora que se precisen. Ao longo do curso é necesaria a realización dun seguimento da programación didáctica, para poder adaptarse á realidade da aula. O profesor fará o proceso de análise e seguimento da programación na aula, adaptándose as necesidades dos alumnos, dedicando máis esforzo naqueles aspectos que precisen os alumnos en cada curso en concreto. Posteriormente o xefe do departamento e o resto dos profesores comentarán estas modificacións na reunión do departamento, para poder adaptarse e coordinar ás materias de música e conseguir a necesaria normalización dos contidos impartidos e a súa avaliación. A información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso. Estas modificacións quedarán reflexadas na acta da Reunión do Departamento de música. Realizar o seguimento do cumprimento da programación permitirá:

- Establecer as medidas correctoras que a avaliación indica.

- Establecer mecanismos de coordinación para evitar discrepancias nos contidos impartidos e a súa avaliación, nos distintos cursos de música do mesmo nivel.

- Realizar os cambios necesarios como medio de mellorar a programación, co fin de beneficiar o ensino e aprendizaxe dos alumnos.

Aínda que esta avaliación teña carácter continuo concretamos a súa análise en tres momentos:

- Ao terminar cada Unidade Didáctica. Esta avaliación terá en conta se a planificación foi adecuada, recollerá as incidencias fundamentais, posibles aspectos de mellora, etc.

- Ao final de cada trimestre.

- Ao final do curso. Valoraranse os resultados da aprendizaxe dos alumnos, a formulación global da Programación Didáctica, os aspectos fundamentais da actuación do profesor no aula, posibles propostas de mellora, etc. Nesta avaliación terase en conta, por unha banda, a avaliación dos resultados obtidos polos alumnos, mediante a reflexión sobre eses resultados, a comparación con outras materias, con outros grupos da mesma materia ou con outros grupos. Por outro, farase unha avaliación dos procesos de planificación e de desenvolvemento, facendo unha reflexión sobre os obxectivos, os estándares, a metodoloxía e a práctica da avaliación, de forma que se poidan corrixir distintos aspectos susceptibles de mellora durante todo o proceso de ensino: adecuación das actividades, secuenciación dos contidos, uso dos recursos, etc.

Os ítems avaliaranse mediante os indicadores sobre unha escala 1-4 (mal ou non acadado, regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar, ben ou acadado, moi ben).

Ítems a avaliar da propia programación e da práctica docente mediante rúbrica:

Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo (idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas e se contribúen realmente a acadar as competencias clave).

Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.

O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.

Adecuación da secuenciación dos obxectivos para cada unha das unidades. , etc..

Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada obxectivo (a porcentaxe de alumnado que consegue os obxectivos).

Asignación a cada criterio do peso correspondente na cualificación.

Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.

Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.

Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Adecuación dos materiais didácticos utilizados (comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.).

Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.

Adecuación da proba de avaliación inicial.

Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.

Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.

Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.

Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación (se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativo e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.).

Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos obxectivos.

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación.

Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.

Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe (coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.).

Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

- Tido en conta o anterior, procederáse á elaboración de propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado. A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados